

Arredor do maltrato

O mundo da ensoñación permite ao escritor fabular a realidade, transportando os lectores cara a universos maravillosos, fantásticos, idílicos e/ou denunciar situacións negativas, obrigando os receptores a reflexionar sobre determinados aspectos que, se cadra, pasarían inadvertidos.

Pois ben, entre fabulación e fantasía móvese Fina Casalderrey en *Ola, estúpido monstro peludo!*, novela que publica Galaxia na súa colección “Árbore” e na que cunha extraordinaria delicadeza aborda o tema do maltrato que sofre a muller e os que están ao seu redor.

Neste caso, a perspectiva adoptada é a dunha nena que, dende o ventre da súa nai, dá a coñecer aos lectores a súa percepción da realidade nunha sorte de monólogo que leva ao ser humano a facer consciente aquilo que, quizais, agradecería quedase na irrealidade, pero que por desgraza é tan real coma a vida mesma.

Nun principio todo era dozura e boas palabras, mais esta situación muda a medida que se ensancha o útero materno e a semente vai medrando e dotándose dos órganos e membros que configurarán, ao remate de nove meses, unha persóina. E

*Con fermosas
metáforas*



MARÍA NAVARRO



mentres isto sucede a nai amósase contenta co seu estado de boa esperanza e transmite alegría persoal que se torna en medo cando chega Emilio e esixe, entre outras moitas cousas, cangrexos en salsa de chocolate branco.

Con toda a literaturidade posible e para atenuar o triste panorama do maltrato, sévese Fina Casalderrey de fermosas metáforas e é quen de facer saltar gordos e repugnantes sapos no canto de horribles insultos, meter en botes fermosas palabras, facer que os país se volvan xordomudos para as cousas bonitas ou tornar os silencios en harmoniosas melodías. E así entre idas e voltas, entre ameazas e suspiros vai descubrindo unha historia que, se ben por momentos se perde debido á ausencia de detalles e aos saltos, en principio inexplicables, no tempo, gaña cara ao final a compostura facendo que o relato adoite un xiro inesperado que, sen dúbida, valorarán os lectores.

CASALDERREY, Fina,
*Ola, estúpido monstro
peludo!*, Ed. Galaxia, Vigo,
2007, 110 páxinas.